



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Lingüística aplicada	Código	613436009	
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística e as súas Aplicacións			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Introdución aos fundamentos teórico-metodolóxicos da lingüística aplicada.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	O alumnado coñecerá e será capaz de aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística.
A2	O alumnado coñecerá as correntes actuais da lingüística.
A3	O alumnado coñecerá as correntes actuais da lingüística aplicada.
A4	O alumnado será capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos á práctica.
B2	O alumnado será capaz de integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
B4	O alumnado será capaz de aplicar os seus coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos ou non familiares en contextos interdisciplinares.
B7	O alumnado adquirirá capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Estimular os coñecementos lingüísticos previos e orientalos cara a reflexión sobre a práctica profesional	AI1		CM7
	AI2		CM8
Adquirir coñecementos básicos das distintas aplicacións da lingüística.	AI3	BI2	CM4
Asentar os conceptos centrais da lingüística aplicada.	AI3		
	AI4		
Afondar nos distintos campos profesionais nos que o coñecemento lingüístico é fundamental.	AI4	BI4	
		BI7	
Descibir as cuestións metodolóxicas básicas que se utilizan na investigación en lingüística aplicada.	AI1	BI2	
	AI3	BI4	
	AI4		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1. Obxecto de estudo, obxectivos e alcance da lingüística aplicada 1.2. Conceptos básicos e ferramentas de análise usadas na lingüística aplicada 1.3. Lingüística aplicada (crítica), cambio social e desenvolvemento



2. Problemática	2.1. Política e planificación lingüística 2.2. Linguas, aprendizaxe e educación 2.3. Lingüística clínica e patoloxías da linguaxe 2.4. Lingüística forense 2.5. Globalización, multilingüismo e comunicación intercultural
3. Metodoloxías	3.1. A investigación en lingüística aplicada 3.2. Aspectos básicos do deseño dunha investigación en lingüística aplicada

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	8	48	56
Solución de problemas	2	9	11
Actividades iniciais	1	0	1
Sesión maxistral	5	0	5
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Sesións destinadas a promover debate en grupo sobre un conxunto de lecturas propostas. O papel do profesor será presentar o tema, moderalo e sistematizar conclusións.
Solución de problemas	Técnica mediante a que ha de resolverse unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.
Actividades iniciais	Presentación do programa, da metodoloxía e do procedemento de avaliación da materia.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Solución de problemas	Resolución de dúbidas sobre os contidos da materia. Comentarios individuais ou en grupo dos temas xurdidos na discusión dirixida e na resolución de problemas. Titorías de libre disposición.

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	Valorarase a calidade das reflexións elaboradas con respecto ás lecturas propostas, a exposición oral e escrita dos argumentos e a capacidade de discusión crítica.	75
Solución de problemas	Valorarase a resolución dos problemas propostos, a partir dos coñecementos que se traballaron na aula.	15
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia e participación activa nas clases teóricas.	10

Observacións avaliación
O profesor sinalará cos discentes a forma de superar a materia na segunda oportunidade.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías